



Acta de reunión

| | | | | | | | | | |
|------------------|--|------|------------|-------------|-------------------------------------|----------------|--------------------------|---------|--------------------------|
| Órgano convocado | ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 30 DE MARZO DE 2023 | | | | | | | | |
| Lugar de reunión | SALÓN DE ACTOS | | | Ordinaria | <input checked="" type="checkbox"/> | Extraordinaria | <input type="checkbox"/> | Urxente | <input type="checkbox"/> |
| Nº de reunión | 6_2022/23 | Data | 30-03-2023 | Hora inicio | 18:30 | Hora remate | 19:30 | | |
| Moderador/a | Director: Xosé Euloxio Santos Leites | | | | | | | | |
| Secretario/a | Secretaria: Mercedes Couto García | | | | | | | | |
| Propósito | <ul style="list-style-type: none"> - 1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior. - 2. Información de resultados da 2ª Avaliación. - 3. Aprobación se proceder, da proposta de actividades para o 3º trimestre. - 7. Outras informacións: Proceso de matrícula, sancións 2º trimestre - 8. Rogos e preguntas. | | | | | | | | |
| Asistentes | <p>DIRECTOR: Euloxio Santos Leites.</p> <p>XEFES de ESTUDOS: Anxo Rodríguez Rodríguez., Ángel Suárez Ríos.</p> <p>SECRETARIA: Mercedes Couto García.</p> <p>PROFESORADO: Montserrat Paz Núñez, Santos Seara Escudero, Rosa Martín Bejarano, Mar Castrillón González, .Xavier mandado Estévez</p> <p>PAS :</p> <p>PAIS/NAIS: Luisa Álvarez Zaragoza. Tania Núñez garcía. Ana Lareo Fernández</p> <p>ALUMNOS/AS: Ezequiel Escuder Mendiberry, Eneko Otero Fdez.</p> <p>CONCELLO: Victor Martínez Oya</p> | | | | | | | | |

Temas tratados

No **primeiro punto** da orde do día, sométese a votación a acta do día 31 de xaneiro de 2023 remitida con anterioridade ao profesorado por correo electrónico. Apróbase por unanimidade.

No **segundo punto** da orde do día, o Director dá lectura e explica os resultados acadados polo alumnado da ESO, Bacharelato e FP na 2ª avaliación, dos que cabe destacar:

1º ESO: O alumnado que aproba todo (46%) mellora en 8 puntos os resultados da primeira Avaliación. Os que suspenden dúas ou menos (66,6%) mellora en 8 puntos.

2º ESO: : O alumnado que aproba todo (48%) mellora en 4 puntos os resultados da primeira Avaliación. Os que suspenden dúas ou menos (67,3%) mellora en 6 puntos.

3º ESO: : O alumnado que aproba todo (35%) mellora en 8 puntos os resultados da primeira Avaliación. Os que suspenden dúas ou menos (51,66%) empeora en 9 puntos.

4º ESO: : O alumnado que aproba todo (46,6%) empeora en 8 puntos os resultados da primeira Avaliación. Os que suspenden dúas ou menos (75%) mellora en 10 puntos.

1º BAC ARTES: : O alumnado que aproba todo (31%) mellora en 4 puntos os resultados da primeira Avaliación. Os que suspenden dúas ou menos (64,5%) mellora en 4 puntos.



1º BAC CIENCIAS: : O alumnado que aproba todo (43,7%) igual os resultados da primeira Avaliación. Os que suspenden dúas ou menos (62,5%) mellora en 3 puntos.

2º BAC ARTES: : O alumnado que aproba todo (18,5%) mellora en 9 puntos os resultados da primeira Avaliación. Os que suspenden dúas ou menos (47,8%) empeora en 8 puntos.

2º BAC CIENCIAS: : O alumnado que aproba todo (25,5%) mellora en 2 puntos os resultados da primeira Avaliación. Os que suspenden dúas ou menos (42,5%) mellora en 10 puntos.

FP Básica: No primeiro curso aproban todo o 53,3%, mellorando en 10 puntos os resultados obtidos no trimestre pasado. Melloran en 19 puntos o alumnado que suspende dous ou menos módulos (66,6%).

Prodúcese un debate sobre o fracaso debido as excesivas faltas de asistencia no bacharelato e sobre as posibles medidas para atallalo.

No **terceiro punto** da orde do día, infórmase do calendario de actividades complementarias e extraescolares para o 3º trimestre, que se aproba por unanimidade e facúltase á Dirección para decidir a inclusión de outras actividades que poidan ser de interese.

No **cuarto punto** da orde do día, o Director informa das seguintes cuestións:

a) **Información sobre o proceso de matrícula para o curso 2023-24:** O centro sacou as seguintes vacantes para o proceso aberto:

- **1º ESO:** 16
- **1º BAc Artes:** 76 ordinario, 24 en vespertino
- **1º Bac Ciencias:** 32 prazas

Nestes momentos as solicitudes son as seguintes: 1º ESO: 5, 2º ESO: 3, 3º ESO:6, 4º ESO: 2, 1º Bacharelato artes 72, 1º Bacharelato ciencias :17, 2º Bacharelato Artes: 4

- a) **Oferta de ensinanzas para o curso 2022/23.** O Director informa que se manterá a oferta existente.
- b) **Sancións con resultado de expulsión de algún día durante o terceiro trimestre.** O Director informa que foron sancionados dous alumnos con tres días cada un polas faltas leves reiteradas no caso dun deles de 2º de bacharelato, e por falsificar o nome nun examen no caso dunha alumna de 3º da ESO.

En **rogos e preguntas**, formúlanse os seguintes:

- O alumno Ezequiel Escuder queixase do comportamento do alumnado de bacharelato que ocupa as aulas de edificación, pola rotura de equipos, suciedade...

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizado o Consello Escolar sendo ás 19:30 horas e levántandose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

Acordos

- Aprobación das actividades complementarias e extraescolares para o terceiro trimestre.

Visto e prace moderador
Euloxio Santos Leites

A secretaria
Mercedes Couto García